



**PROGRAMACIÓN DE ANÁLISE**

(GRAO PROFESIONAL)

**DEPARTAMENTO DE COMPOSICIÓN**

## Contenido

1. Introducción .....	3
2. Obxectivos das ensinanzas .....	4
2.1.Obxectivos xerais do Grao Profesional.....	4
3. Obxectivos específicos .....	5
3.1 Grao Profesional.....	5
4. Metodoloxía .....	6
5. Atención á diversidade.....	7
6. Temas transversais .....	9
6.1.Educación en valores.....	9
6.2.Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) .....	9
7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas .....	10
8. Secuenciación do curso.....	10
Curso 5º GP .....	10
8.1.Obxectivos .....	10
8.2.Contidos e Temporalización .....	11
8.3.Avaliación .....	11
8.4.Medidas de recuperación.....	13
8.5.Recursos didácticos .....	14
Curso 6º GP .....	15
8.1 Obxectivos .....	15
8.2 Contidos.....	16
8.3 Avaliación.....	16
8.4 Medidas de recuperación.....	18
8.5 Recursos didácticos.....	19

## **1. Introducción**

A disciplina de análise pretende subministrar o coñecemento teórico dos principais elementos e procedementos compositivos, e tamén o dunha serie de factores de tipo histórico, indisociables do feito musical como fenómeno cultural. E, sobre todo, pretende proporcionar unha serie de ferramentas metodolóxicas que permitan afrontar a análise dende todos os puntos de vista que poidan se relevantes.

Toda obra de arte musical está composta a partir dunha serie de elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos. Esa similitude coa linguaxe permite que á música se lle poidan aplicar os criterios da lingüística que suponen unha vía fecunda cara ai coñecemento.

A análise está concebida como materia común para todas as especialidades nos dous últimos cursos do grao profesional aínda que, pola súa propia esencia, se trata dun ensino que debe estar presente ininterrompidamente desde o inicio dos seus estudos musicais.

Os contidos do ensino da análise abranguen, xa que logo, todos os conceptos referidos aos elementos integrantes da nosa linguaxe musical (sen descartar referencias a músicas non occidentais, dada a utilidade da comparación entre elementos afíns con traxectorias culturais diferentes), cun coñecemento teórico básico da música que vai desde o canto gregoriano ata a actualidade, e con carácter procedemental, tamén a análise de obras dos periodos da practica tonal (barroco, clasicismo e romanticismo), co fin de poder observar con gran perspectiva o contexto diacrónico. Para iso, a análise deberase centrar no estudo dun número de obras representativas dos períodos e dos estilos que, traballadas tan profundamente como sexa posible, deberán achegar unha ampla visión das técnicas musicais occidentais, así como os criterios metodolóxicos que se poderán aplicar á análise doutras obras.

Pola súa parte, os procedementos diríxense á asimilación teórica dunha serie de coñecementos técnicos ou estilísticos que se deberán recoñecer nas obras musicais mediante a análise de partituras e mediante a identificación auditiva dos elementos e dos procedementos estudados, así como unha práctica instrumental básica que conduza á súa interiorización.

## FUNDAMENTACIÓN LEGAL

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade *proporcionar ó alumnado unha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

## **2. Obxectivos das ensinanzas**

### **2.1.Obxectivos xerais do Grao Profesional**

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuir a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as función e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable de conxunto.

- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordó coas esixencias das obras.
- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa

### **3. Obxectivos específicos**

#### **3.1 Grao Profesional**

O ensino da análise no grao profesional terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- Analizar obras dos estilos da práctica tonal (Barroco, Clasicismo e Romanticismo) atendendo aos parámetros que as componen: macroestructuras e microestructuras,

proporcións, tonalidade, harmonía (cedencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.

- Sinalar na obra as características dos parámetros que a componen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- escoitar internamente os tipos de acordes e as formulas harmónicas mais características das obras analizadas.
- tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as formulas harmónicas mais características das obras analizadas.

## 4. Metodoloxía

A metodoloxía do análise é en gran parte similar ó análise doutras disciplinas por canto a observación e determinación dos elementos e procedementos usados polo autor son moi importantes para poder acadar a habilidade e capacidade analítica en xeral.

Tanto a clase maxistral como o traballo persoal do alumno será a pedra angular da metodoloxía a empregar.

**Os principios metodolóxicos** na que se basea esta programación son os seguintes:

- **Actividade:** análise é un dos fundamentos da composición musical de ahí que será necesario adquirir destrezas mediante a práctica.
- **Autonomía:** se ensinará a cada alumno a traballar de forma independente.
- **Creatividade:** ao tratarse dunha ensinanza artística, toda actividade tratará de estimular o pensamento e a imaxinación.
- **Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas:** co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen necesariso na secuencialización dos contidos.
- **Significación:** será unha das vías que utilizaremos de motivación, presentando o que se aprende como algo útil.
- **Interdisciplinariaidade:** buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o alumnado para dotar ós contidos de maior significación.

**Os métodos didácticos** empregados serán os seguintes:

- **Modelos constructivista:** tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o alumno elabora significados propios a partir duns coñecementos previos a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co anterior xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realizase construindo sobre os seus propios esquemas, sumando información sobre a que xa ten, que lle será útil para aplicar noutras situación.

Co fin de que todo esto produza efecto no alumno deberemos ter en conta os seguintes puntos:

- Que o alumno tea unha boa actitude, algo que se consegue facéndolle ver que o que están a facer ten sentido.
- Que os contidos que se ensinan teñan unha estrutura lóxica.
- Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos.
- Que o alumno sea consciente da importancia do estudo e do traballo individual.

## **5. Atención á diversidade**

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral).

### **Alumnado estranxeiro**

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgúns zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurárase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

## **Superdotación intelectual**

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para os alumnos superdotados intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é decir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

## **Alumnado con necesidades educativas especiais**

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero se sedera ese caso tomáranse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.



## **6. Temas transversais**

### **6.1. Educación en valores**

Con esta programación farase fincapié na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.
- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración , o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto pola natureza e os seres vivos.
- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapié na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que disponemos para formarnos como persoas.

### **6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

No referido ás Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódese pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

## **7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

## **8. Secuenciación do curso**

### **Curso 5º GP**

#### **8.1. Obxectivos**

O ensino da análise no grao profesional terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Preclasicismo e Clasicismo.
- Analizar obras dos estilos da práctica tonal (Barroco, Preclasicismo e Clasicismo ) atendendo aos parámetros que as componen: macroestructuras e microestructuras, proporcións, tonalidade, harmonía (cedencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- Sinalar na obra as características dos parámetros que a componen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- escoitar internamente os tipos de acordes e as formulas harmónicas máis características das obras analizadas.
- tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as formulas harmónicas máis características das obras analizadas.

## 8.2.Contidos e Temporalización

- Textura
- Tipos de acompañamento
- Ámbito melódico
- Frases , semifrases
- A dinámica
- Acordes e notas de adorno
- Acordes alterados: sexta aumentada e sexta napolitana
- Cadencias
- Modulación
- O madrigal
- Aria da capo. Forma ritornello
- O coral de J.S.Bach
- Fuga
- Concerto barroco
- Suite barroca
- Forma binarias preclásicas
- Forma sonata preclásica
- Forma sonata clásica
- Minueto e trio
- Tema e variacións

## 8.3.Avaliación

A avaliación, terá un carácter formativo co fin de detectar as diferentes dificultades con que se atope o alumno

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, a transparencia e a accesibilidade.

### 8.3.1. Criterios de avaliación

- Identificar mediante o análise de obras os componentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental. Con este criterio se preténdese avaliar a habilidade do alumno para recoñecer os elementos estudados e a comprensión desde o punto de vista do estilo considerado sincrónicamente e diacrónicamente.
- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo. Mediante este criterio preténdese avaliar a habilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes a unha época, a un estilo ou a un autor, avaliar o seu papel funcional e comprendelos desde o punto de vista do estilo.
- Expor, con base na análise de obras das épocas da linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas masi pequenas. Preténdese avaliar a habilidade do alumno para recoñecer os criterios seguidos polo autor na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala , e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles.
- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a gran escala. Mediante este criterio poderase avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumno, a través da identificación dos elementos e dos procedementos estudados.

### 8.3.2. Mínimos esixibles

- Coñecemento básico dos principais e dos mais básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores do Barroco e o Clasicismo
- Coñecemento a través da análise dos componentes da linguaxe musical (macroestructuras e microestructuras, proporcións, tonalidade, harmonía- cadencias, acordes e procedementos modulatorios-, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agónica, tímbrica, articulación etc) a partir de obras de diversa épocas e autores dos estilos da práctica tonal: Barroco e Clasicismo.

### **8.3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación**

- A observación diaria e directa do alumno, o diario da clase: os exercicios e os traballos que se envíen para casas como traballo individual.
- Un examen ó final de cada trimestre onde se demostre a interiorización dos contidos dados ata ese momento.
- O exercicio se basará nun análise formal, armónico e estilístico dun fragmento ou dun movemento dalgunha obra das épocas vistas ata o momento

### **8.3.4. Criterios de cualificación**

Os criterios de cualificación terán a seguinte ponderación:

- O comportamento, a realización dos traballos e a participación activa na clase suporá un 20% da nota final
- Os exámenes escritos terán unha ponderación na nota final do 80%
- A nota media se calculará sempre e cando o alumno acade un 5 no examen escrito
- Non levar o material a clase se poderá penalizar con 1 punto

### **8.3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

Para a ampliación de matrícula avalíase a excelencia do alumno que o solicite, Esta avaliación farase mediante un examen no que o alumno terá que demostrar ter alcanzado todos os obxectivos do curso no que está matriculado.

## **8.4. Medidas de recuperación**

As medidas de recuperación serán necesarias no caso de que o alumno non acade os obxectivos mínimos esixibles ou perda o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia acumuladas. A cantidade de faltas para a perda da avaliación continua figura no PEC.

#### **8.4.1. Procedementos de recuperación ordinarios**

A medida de recuperación mais importante é a asistencia regular a clase, a realización das tarefas de clase e a realización das tarefas que figuren para entregar a través do aula virtual.

Na materia de análise, os contidos de cada trimestre son diferentes en épocas, de tal feito que o alumno, no caso de suspender algún examen trimestral deberá recuperalo. O alumnado que suspenda un examen trimestral poderá recuperalo antes de que finalice o seguinte trimestre. O alumnado que non supere o primer trimestre, podera facer unha recuperación antes de que termine o segundo trimestre. Para o suspensos do segundo trimestre o procedemento será o mesmo que para o primeiro.

Os alumnos que no tercer trimestre non superen dita proba deberán facer una recuperación antes da avaliación final do mes de maio.

No caso de alumnado que non asista a clase e que polo tanto o profesor non teña rexistros de aula, poderá presentarse o examen trimestral. Dito examen será cualificado cunha ponderación do 80%.

#### **8.4.2. Probas extraordinarias de xuño**

Os alumnos que obteñan unha calificación negativa na avaliación final do mes de maio, poderán facer unha proba extraordinaria no mes de xuño.

Dita proba consistirá:

- Análise dunha obra ou fragmentos (do periodo do barroco ou clásico). Será un análise melódico, rítmico, harmónico e formal
- Realización de preguntas xa sexan teóricas ou ben teórico-prácticas sobre os contidos do curso

No caso de alumnado que debido a falta de asistencia a clase o profesor non ten rexistro de aula, poderá presentarse a proba extraordinaria de xuño. Dita proba abarcará os contidos de todo o curso. Consistirá nun análise formal, armónico , melódico, rítmico e estilístico dunha obra característica dos períodos estudados. Dita proba será cualificada cunha ponderación do 80%.

### **8.5.Recursos didácticos**

- Encerado ou papel de pentagramas
- Equipo de música
- Partituras
- Gravaciones
- Bibliografía
  - Armonia. Diether da Motte. Ed Labor, 1989
  - La música barroca. John Walter Hill. Ed Akal música
  - La música clásica. Philip G.Downs. Ed Akal música
  - La Melodía. Ernst Toch. Ed Span Press Universitaria
  - Formas de Sonata. Charles Rosen. Ed Labor , 1994
  - Análisis del Estilo Musical. Jan LaRue. Ed Span Press Universitaria, 1998

## Curso 6º GP

### 8.1 Obxectivos

O ensino da análise no grao profesional terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- Coñecer os principais e máis básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores, desde o canto gregoriano ata a actualidade, con especial incidencia nos estilos da práctica tonal: Barroco, Clasicismo e Romanticismo.
- Analizar obras dos estilos da práctica tonal ( Clasicismo e Romanticismo) e século XX, atendendo aos parámetros que as componen: macroestructuras e microestructuras, proporcións, tonalidade, harmonía (cedencias, acordes e procedementos modulatorios), temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación, etc.
- Sinalar na obra as características dos parámetros que a componen conferíndolle unha estética propia do estilo a que pertence, e comprender a interrelación dos procedementos compositivos de cada época cos tipos de obras que derivan deles.
- escoitar internamente os tipos de acordes e as formulas harmónicas máis características das obras analizadas.

- Tocar esquemáticamente nun instrumento polifónico as formulas harmónicas mais características das obras analizadas.

## 8.2 Contidos

- Repaso dos conceptos do curso anterior
- Forma sonata de período clásico
- Forma rondó. Rondó-sonata
- Características do romanticismo: textura, modulación, acordes alterados (sexta aumentada e napolitana, acordes coa quinta alterada ) cadencias, progresiones.
- Principales autores románticos: Schubert, Schumann, Chopin, Liszt, Mendelssohn, Brahms, Wagner.
- Schumann, Schubert e o Lied
- As pequenas formas románticas
- Características dos principais compositores románticos: Chopin, Brahms, Mendelssohn, Liszt
- Wagner e o Drama musical: o leitmotiv
- A música nacionalista
- Características principais do século XX
- Características dos principais compositores do século XX

## 8.3 Avaliación

A avaliación, terá un carácter formativo co fin de detectar as diferentes dificultades con que se atope o alumno

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexirase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, a transparencia e a accesibilidade.



### 8.3.1 Criterios de avaliación

- Identificar mediante o análise de obras os componentes da linguaxe musical das épocas da historia da música occidental. Con este criterio se preténdese avaliar a habilidade do alumno para recoñecer os elementos estudados e a comprensión desde o punto de vista do estilo considerado sincrónicamente e diacrónicamente.
- Sinalar os elementos da linguaxe musical que lle confiren á obra analizada un determinado estilo. Mediante este criterio preténdese avaliar a ahabilidade do alumnado para recoñecer os procedementos compositivos pertencentes a unha época, a un estilo ou a un autor, avaliar o seu papel funcional e comprendelos desde o punto de vista do estilo.
- Expor, con base na análise de obras das épocas da linguaxe musical occidental, os elementos, os procedementos e os niveis estruturais que configuran a forma a grande escala e a súa relación coas estruturas masi pequenas. Preténdese avaliar a habilidade do alumno para recoñecer os criterios seguidos polo autor na elaboración da forma global da obra (criterios de proporción, coherencia, contraste, etc), comprender a relación dos devanditos criterios cos elementos que configuran a forma a pequena escala , e determinar os niveis estruturais establecendo o papel que os elementos e os procedementos xogan dentro deles.
- Identificar auditivamente os elementos e os procedementos que configuran a forma a pequena escala e a gran escala. Mediante este criterio poderase avaliar o progreso da capacidade auditiva do alumno, a través da identificación dos elementos e dos procedementos estudados

### 8.3.2 Mínimos esixibles

- Coñecemento básico dos principais e dos mais básicos elementos e procedementos compositivos das épocas e dos autores do Clasicismo e Romanticismo
- Coñecemento a través da análise dos componentes da linguaxe musical (macroestructuras e microestructuras, proporcións, tonalidade, harmonía- cadencias, acordes e procedementos modulatorios-, temática e motívica, textura, ritmo, dinámica, agóxica, tímbrica, articulación etc) a partir de obras de diversa épocas e autores dos estilos da práctica tonal: Barroco e Clasicismo.

### 8.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- A observación diaria e directa do alumno, o diario da clase: os exercicios e os traballos que se envíen para casas como traballo individual.
- Un examen ó final de cada trimestre onde se mostre a interiorización dos contidos dados ata ese momento

### 8.3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación terán a seguinte ponderación:

- A participación activa na clase suporá un 20% da nota final
- Os diferentes exámenes escritos suporarán o 80% da nota final
- A nota media será calculada sempre e cando o alumno acade o 5 no examen escrito.
- Non levar o material a clase se podrá penalizar con 1 punto

### 8.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para a ampliación de matrícula avalariase a excelencia do alumno que o solicite, Esta avaliación farase mediante un examen no que o alumno terá que demostrar ter alcanzado todos os obxectivos do curso no que está matriculado.

## 8.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación serán necesarias no caso de que o alumno non acade os obxectivos mínimos esixibles ou perda o dereito á avaliación continua por faltas de asistencia acumuladas. Perderá o dereito a avaliación continua con faltas acumuladas. No PEC figura a cantidade de faltas coas que o alumnado perde o dereito a avaliación continua.

### 8.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A medida de recuperación mais importante é a asistencia regular a clase, a realización das tarefas de clase e a realización das tarefas que figuren para entregar a través do aula virtual.

Na materia de análise, os contidos de cada trimestre son diferentes en épocas de tal feito que o alumnado, no caso de suspender algún examen trimestral deberá recuperalo. O alumnado que suspenda un examen trimestral poderá recuperalo antes de que finalice o seguinte trimestre. O alumnado que non supere o primer trimestre, podera facer unha recuperación antes de que termine o segundo trimestre. Para o suspensos do segundo trimestre o procedemento será o mesmo que para o primeiro.

Os alumnos que no tercer trimestre non superen dita proba deberán facer una recuperación antes da avaliación final do mes de maio.

No caso de alumnado que non asista a clase e que polo tanto o profesor non teña rexistros de aula, poderá presentarse o examen trimestral. Dito examen será cualificado cunha ponderación do 80%.

#### **8.4.2 Probas extraordinarias**

O alumnado que na avaliación final do mes de maio teña a materia suspensa poderá presentarse o examen extraordinario que se celebrará no mes de xuño. O examen constará:

- Análise dunha obra ou fragmentos (do periodo do barroco ou clásico). Será un análise melódico, rítmico, harmónico e formal
- Realización de preguntas xa sexan teóricas ou ben teórico-prácticas sobre os contidos do curso

No caso de alumnado que debido a falta de asistencia a clase o profesor non teña rexistro de aula, poderá presentarse a proba extraordinaria de xuño. Dita proba abarcará os contidos de todo o curso. Consistirá nun análise formal, armónico , melódico, rítmico e estilístico dunha obra característica dos períodos estudados.

Dita proba será cualificada cunha ponderación do 80%.

#### **8.5 Recursos didácticos**

- Encerado ou papel de pentagramas
- Equipo de música
- Partituras

- Bibliografía

- Armonía. Diether da Motte. Ed Labor, 1989
- La música barroca. John Walter Hill. Ed Akal música
- La música clásica. Philip G.Downs. Ed Akal música
- La Melodía. Ernst Toch. Ed Span Press Universitaria
- Formas de Sonata. Charles Rosen. Ed Labor , 1994
- Análisis del Estilo Musical. Jan LaRue. Ed Span Press Universitaria, 1998